

Nome.....



XOGOS OLÍMPICOS





Como sabedes, este ano é o ano dos Xogos Olímpicos de Tokio, pero debido ao coronavirus trasladáronse para o ano 2021 así que.... tócanos investigar sobre a historia dos Xogos Olímpicos, atrévete a resolver estes retos olímpicos? Anímateee!! Será moi divertido.


RETO 1: INAUGURACIÓN E ANTORCHA OLÍMPICA


Os Xogos Olímpicos inaugúranse nunha cerimonia na que todos os atletas dos países participantes desfilan coas súas bandeiras. Pero o momento máis importante ten lugar cando prenden a antorcha olímpica, que está encendida durante todos os xogos, igual que na Antiga Grecia!









a. **Imaxina que estás no desfile da inauguración dos Xogos. A que país representa cada unha destas bandeiras? Escribe o seu nome debaixo e coloréaa.** Non esquezas as maiúsculas!













Hai moitos máis países participantes...cita algún máis e investiga como son as súas bandeiras.

RETO 2: OS DEPORTES

Na actualidade hai **35 deportes olímpicos** con diferentes modalidades, nas que participan homes e mulleres.

Pero, que ocorre cos deportes de inverno? Os Xogos Olímpicos sempre se celebran en verán e para poder practicar deportes como o esquí, o patinaxe artístico, hóckey sobre xeo... necesítase que faga frío. Por iso, dende 1924 se celebran os Xogos Olímpicos de Inverno. Así, celébranse olimpíadas de verán, dous anos despois olimpíadas de inverno, dous anos despois de verán...

a. **Pensa, investiga e clasifica os seguintes deportes segundo sexan de verán ou de inverno:** Baloncesto | Balonmán | Esquí | Fútbol Hóckey sobre xeo | Natación | Patinaxe artístico sobre xeo | Snowboard | Tenis | Vólei praia | Waterpolo .

XOGOS OLÍMPICOS DE VERÁN

XOGOS OLÍMPICOS DE INVERNO


RETO 4: OS AROS OLÍMPICOS



Seguro que xa viches o símbolo dos Xogos Olímpicos, verdade? Si! Os **5 aros de cores** entrelazados que simbolizan a unión dos países que participan neles.

a. A explicación máis coñecida sobre as cores dos aros olímpicos é que cada un deles representa un continente. Atrévete a averiguar cal é cal? Pensa, completa e logo coloréao ben. (Podes buscar como é)

- O aro representa Oceanía que está rodeado de mares e océanos.
- O aro representa Europa porque é o continente con máis bosques e vexetación.
- O aro representa África pola cor da pel das súas xentes.
- O aro representa América polos indíxenas chamados pieles rojas.
- O aro representa Asia polos seus desertos.





RETO 5: A MASCOTA OLÍMPICA

A mascota olímpica é un dos símbolos máis representativo nos Xogos Olímpicos; polo que cada catro anos hai unha distinta. Normalmente estas mascotas son animais que teñen ou levan algo que fai referencia ao país no que se celebran os Xogos ese ano. Estas son algunha delas:



Barcelona 1992



Athena Phivos

Atenas 2004



Río 2016

a. Este ano serían os Xogos Olímpicos de Tokio, pero o coronavirus tamén fixo que se aprazaran para o 2021. Atrévete a facer ti unha para os Xogos de Tokio do ano que ven?



RETO 6: XOGOS PARALÍMPICOS



Vexo que xa descubrístedes moiiiitas cousas sobre os xogos olímpicos, pero Marela quérevos contar algunha cousiña mais...

Díxonos que hai atletas que lles gusta moito o deporte e que para practicalo precisan doutra persona ou ben adaptar o deporte porque teñen capacidades diferentes.

Estes e estas grandes deportistas participan nos Xogos Paralímpicos en diversos deportes.

a) Investiga e escribe como se chaman estes deportes paralímpicos.





